



Bases

'XORNALISMO NA ESCOLA'

III Edición

1. Obxecto

Con esta iniciativa, a Obra Social 'la Caixa' e o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, convoca **nove prazas** para impartir as xornadas didácticas **XORNALISMO NA ESCOLA**, que organizan conxuntamente para alumnos de 3º e 4º da E.S.O.

2. Solicitudes e Selección

- 2.1 Poderán concorrer a esta convocatoria calquera **colexiado ou colexiada do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia**, que acredite atoparse en paro.
- 2.2 A comisión de selección, composto por representantes do Pleno Territorial (Xunta de Goberno e representantes de demarcación) do CPXG, terá en conta parado de longa duración, coñecemento de galego, facilidade para o desprazamento, experiencia profesional e en docencia ou coñecementos pedagóxicos, sen prexuízo de valorar outras calidades que consideren de interese para o proxecto.

3. O proxecto

- 3.1 Impartiranse ao redor de 90 obradoiros distribuídos entre I.E.S de toda a comunidade entre escolares de 3º e 4º da E.S.O.
- 3.2 Cada un dos nove xornalistas seleccionados impartirá o taller a 10 grupos diferentes de alumnos.
- 3.3 Terá unha duración hora e media cada un.
- 3.4 Os I.E.S poderán ser de calquera parte da comunidade galega.
- 3.5 Os xornalistas finalmente seleccionados terán que realizar conxuntamente as unidades didácticas, así como un power point de presentación, para impartir o taller.
- 3.6 Ao finalizar o proxecto elaborarán un informe final sobre cada unha das escolas visitadas.

4. Prazo e condicións da solicitude

- 4.1 O prazo de recepción de solicitudes rematará ás **19.30** horas do **6 de novembro de 2017**.
- 4.2 A documentación presentada incluírá o formulario anexo, así como un breve currículo.
- 4.4 A comisión de selección *dará a coñecer aos xornalistas escollidos para o proxecto a mediados de novembro de 2017*.
- 4.5 A documentación enviarase ao correo electrónico do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: xornalistas@xornalistas.gal.
- 4.6 Só serán aceptadas as propostas que entren dentro do prazo de recepción.



5.



Obra Social "la Caixa"

Contía

- 5.1 Asignarase a cada un dos seleccionados unha contía de 1.500 Euros, en concepto de bolsa.
- 5.2 Dacordo coa normativa vixente, a entrega das citadas bolsas constitúen un rendemento suxeito ao imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), do seu perceptor ou perceptores, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador.

6. A posta en marcha

- 6.1 A celebración terá lugar durante o curso escolar, sendo estas datas flexibles, para ter en conta os períodos de avaliación e exames dos escolares.
- 6.2 Pagamento:
 - O abono realizarase en dúas fases
 - O 50% no momento de ser concedida.
 - O 50% á entrega do informe final do proxecto.
- 6.3 Seguimento.
 - Os seleccionados/as comprométense a completar os proxectos no prazo previsto.
 - A organización resérvase o dereito de convocar aos seleccionados/as para que presenten un informe de estado dos proxectos en calquera momento.
- 6.4 As unidades didácticas, así como o material empregado nos talleres pasará a formar parte da documentación interna do CPXG, polo que non poderá se utilizado noutros proxectos a non ser con autorización expresa.

7. Outras normas

- 7.1 A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases, que serán depositadas ante notario.
- 7.2 Non serán admitidas as solicitudes que non cumpran os anteriores requisitos.
- 7.3 A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela.
- 7.4 Todas as cuestións que non figuren explicitamente recollidas nestas bases serán resoltas pola organización.



FORMULARIO

DATOS DO/A SOLICITANTE			
NOME			
TELÉFONO			
CORREO ELECTRÓNICO			
DNI		Nº de COLEXIADO/A	
ENDEREZO POSTAL			

CURRICULUM	
TITULACIÓN e/ou ESTUDOS	
CARNÉ DE CONDUCIR	
IDIOMAS	
INFORMÁTICA	
PARADO DE LONGA DURACIÓN	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA <i>(marcar o que corresponda)</i>	
<input type="checkbox"/>	Titulación Académica
<input type="checkbox"/>	Tarxeta do paro
<input type="checkbox"/>	Xustificante de paro de longa duración
<input type="checkbox"/>	Currículo
<input type="checkbox"/>	Outros <i>(indicar cales):</i> _____ _____ _____ _____

_____, ____ de _____ de 201_

Sinatura